

A pantasma do iberismo no Portugal do século XIX

PILAR VÁZQUEZ CUESTA

No pensamento político peninsular da pasada centuria e comenzos da actual o chamado "iberismo" ocupa un lugar de extraordinaria importancia. Tanto este substantivo como os adxectivos "iberista", e "ibérico" co significado de "iberista", aparecen de continuo en libros, artigos de xornal ou de revista, discursos parlamentarios, mitins de partido, informes diplomáticos oficiais ou oficiosos e ata en cartas privadas (1), facendo crer ó lector pouco informado que a meirande parte dos habitantes da Península querían a súa unificación. Non é así, porén. O que acontece é que estas etiquetas se aplican a doutrinas moi diferentes: desde soños de unión ou federación dos pobos peninsulares relegados a un futuro máis ou menos remoto ata plans concretos e factíbeis de aproximación política, económica e cultural entre Portugal e España.

Existe ademais un iberismo monárquico e outro republicano e, se o primeiro pode ser unionista ou dualista, o segundo defende quer a federación de Portugal e España quer a división desta última, ou dos dous países, nun número variábel de estados ou "cantóns" que axiña se federarían. É claro que para atinguir unha Federación Ibérica Republicana se fai necesario o desenvolvemento previo dun proceso revolucionario; pola contra existen dúas vías teoricamente pacíficas que levarían á formación dunha Iberia monárquica, unitaria ou dual: os enlaces matrimoniais entre Borbóns e Braganzas ou a substitución, en calquera dos dous reinos, da dinastía propia pola do outro.

A política de casamentos entre individuos das dinastías reinantes en Castela e Portugal fora tradicional durante toda a Idade Media e máis intensa aínda nos séculos XV e XVI. Nos séculos XVIII e XIX continuou sendo fervorosamente practicada por Portugal e España, o que posibilitaba en calquer momento a unión ibérica. Pero non era só que esta se pudesese producir en calquera intre de casualidade, unha Iberia monárquica e unitaria constituía ademais para moitos españois un vello desexo que a Restauración da Independencia lusitana en 1640, despois de sesenta anos de monarquía dual, non dera extinguido. Proba disto é o feito de que o principal engado de que se serve o negociador lusitano ante a Rexencia de Cá-

(1) É curioso observar que, mentres a verba "iberismo" aparece en calquera dicionario manual portugués definida como "a doutrina dos que preconizan a unión ibérica" ou "partido dos que advogan pola federación de Portugal com a Espanha" e no *Diccionari Català-Valencià-Balear* de Mosén Alcover como "tendència o doutrina favorable a la unitat política o cultural de la Península Ibérica", a Real Academia Española de la Lengua só moi recentemente a ten incluído no seu *Diccionario*.

diz (2) para facer valer os dereitos ó trono de España da esposa do Príncipe Rexente (3) (o futuro D. João VI), D^a Carlota Joaquina, estando o seu irmán, Fernando VII, prisioneiro de Napoleón, é que nos herdeiros da egrexia señora se reunirían as dúas coroas da Península (4).

Trinta anos máis tarde, cando entre 1842 e 43, sendo rexente Espartero, comencan a negociarse as vodas de Isabel II e a súa irmá Luisa Fernanda, axiña hai quen avisa de que a Raíña de Portugal, D^a María II, ten dous fillos pouco máis novos ca elas: o Príncipe D. Pedro, herdeiro da coroa, e o Infante D. Luis. Data precisamente desta época a aparición do xornal "La Iberia", que na súa primeira etapa (de 1 de agosto de 1842 a 31 de Marzo do 43) ten como obxectivo primordial mentalizar a opinión pública española sobre a conveniencia duns casamentos que inexorablemente levaban á Unión Ibérica.

Na década dos cincuenta o utilitarismo rexeneracionista portugués tan ben personificado por Fontes Pereira de Melo -o enxeñeiro que nun discurso parlamentario chegaría a afirmar: "se fosse possível passar uma lei para que a Nação Portuguesa viajasse por três meses, estávamos salvos" (5) -valorará primordialmente as vantaxes materiais da Unión Ibérica. Portugal gañaría moito se desaparecesen as fronteiras entre os dous reinos peninsulares subordinándose ós intereses do Comercio a rede de ferrocarrís de ambos e unificándose a economía. E -como dicía Antonio Rodrigues Sampaio, o vello león setembrista de "O Espectro", o republicano da "Comissão Revolucionária" de Lisboa de 1848, convertido agora ó rexeneracionismo- "Si nos pusiesen en la alternativa de ser miserables con nuestra nacionalidad y sin el camino de hierro, o felices con él pero arriesgando perder la nacionalidad, optaríamos por la prosperidad con la libertad, fuese el que quisiera el peligro para nuestra independencia" (6). Por iso considerábase tan beneficioso para Portugal o casamento da filla mais vella de Isabel II, a Princesa D^a Isabel, con D. Pedro V. Porque -como numa *Memória sobre Portugal e a Espanha* aparecida en 1856, argumenta Cláudio Adriano da Costa, seguindo a tese de D. Sinibaldo Mas en *La Iberia* (7)-: "o país menor tem um varão reinante, o país maior uma princesa por sucessor ao trono" (8), casandoos remataría sen problemas o camiño de ferro de Lisboa a Badajoz.

Mais, em cambio, cando, moi próximo xa o seu derrocamento, en decem-

(2) D. Pedro de Sousa e Holstein, futuro Duque de Palmela.

(3) Desde que en 1792 a súa nai, D^a Maria I, toleara o Príncipe D. João dirixía os negocios do Reino, aínda que só sería nomeado Rexente en 1799, cando tinha desaparecido xa calquera esperanza de curación daquela, e aclamado Rei á morte da devandita Raíña no ano 1816.

(4) V. *Despachos e correspondência do Duque de Palmela*. Coligidos e publicados por J.J. dos Reis e Vasconcelos. 2 vols., Lisboa, 1851.

(5) Nun discurso pronunciado o 2 de abril de 1856 e reproducido en parte por Oliveira Martins no seu *Portugal Contemporâneo* (7ª ed., 3 vols., Lisboa, 1953, t. III, p. 258).

(6) "O Leiriense", 13 de decembro de 1854. Transcrebemos a cita en español por tela tomado do libro de D. Angel Fernández de los Ríos *Mi misión en Portugal* (París-Lisboa, s.a., p. 201).

(7) Desta obra aparecen en Portugal tres edicións entre decembro de 1851 e 1853. A edición española data de 1851.

(8) Tomado do *Portugal Contemporâneo* de Oliveira Martins (t. III, p. 248).

bro de 1866, Isabel II visita a Corte lusitana en compañía da súa primoxénita (9), oficialmente para devolver a breve visita que lle fixeran un ano antes os monarcas portugueses ó seu regreso de Italia e Francia, segundo se rumoreaba para concertar o casamento de "la chata" co Infante D. Augusto, irmán de D. Luis I, a xa remota posibilidade de que recaisen na parella as dúas coroas da Península é unánimemente rexeitada pola opinión pública do veciño país.

A substitución dos Borbóns por Braganzas moito menos tiránicos e corrompidos ca eles constitúe durante todó o século XIX unha aspiración da que -para nos entender- chamaríamos esquerda monárquica española, aspiración que cristaliza en accións sempre que a ocasión se revela propicia.

En efecto, o 24 de agosto de 1826, un grupo de emigrados españois dirixe desde Gibraltar ó Emperador D. Pedro I do Brasil un memorial en que lle facían saber as súas esperanzas de que algún día chegase a cinguir "la triple corona" de que tan digno se mostraba e declaraban recoñecelo xa como rei "para cuando, apiadada la Providencia, torne a la Iberia su prestigio uniéndola al paternal dominio de un Braganza" (10). Tres anos despois, en 1829, nun documento subscrito por coñecidos "comuneros" como Flores Estrada, Díaz Morales, Juan Rumi ou Andrés Borrego, reiterábase a D. Pedro a solicitude de que se dignase aceptar o trono español. E, en 1830, unha reunión conxunta dos consellos directivos das Sociedades secretas de España e Portugal acorda ofrecer ó devandito príncipe o título de "Emperador de Iberia" e manda a Río de Janeiro un emisario do que descoñecemos o éxito ou o fracaso mais que algo debeu ter a ver coa decisión que dalí a pouco tomaría o pai de D^a Maria da Glória de abandonar o Brasil e vir para Europa.

Verdadeiramente sedutoras son tamén as cartas que, desde o desterro, dirixe ó Emperador D. Pedro I o Xeneral Saldanha, convertido ós ideais ibéricos no clima de efervescencia política peninsular que a fins da década dos vinte se respiraba nun Londres cheo de exilados españois e portugueses. "Pensai, Senhor, na condição miserável da infeliz Espanha!... Quem pode dizer que fortuna o céu tem reservada para V.M. na Península se os seus inimigos forçarem a empregar meios conhecidos embora violentos?" (11) -escrebelle o 10 de Xuño de 1827-. E, noutra carta datada a 5 de xaneiro do ano seguinte, na que se fai referencia ó que dixerá Napoleón de que, se un príncipe de sangue real desposase a causa do povo podería dictar leis a toda Europa, pregunta o intrépido militar: "É possível que V.M., em vez de reinar sobre 14 milhões de homens como são os espanhóis e os portugueses, e com os quais até poderá sustentar a sua autoridade na América, prefira governar só 3 milhões de gente de várias cores, gente que traz no peito a mais negra ingratidão?" (12). Aínda nas vésperas da súa fracasada viaxe a Portugal de

(9) Sobre esta viaxe de Isabel II apresentou unha comunicación no Coloquio sobre "A Diplomacia na História de Portugal" celebrado en Lisboa baixo os auspicios da "Academia Portuguesa da História" do 5 ó 8 de abril de 198 o entón Primeiro Secretario da Embaixada de Portugal en Madrid, D. José Bouza Serrano.

(10) V. Vicente Llorens Castillo: *Liberales y románticos*, México, 1954, p. 122.

(11) *Portugal Contemporâneo*, t. I, pp. 58-59.

(12) *Ibidem*.

comenzos de 1829, animaría así Saldanha a D. Pedro I do Brasil: "As dificultades están removidas; e, se arranjar em Lisboa o dinheiro necessário, em dois ou três meses haverá un movimento em todas as provincias de España para elevar V.M. ao trono desse país" (13). A el, como bon patriota, restáballo só "tratar da realización dos bons desejos de todos os portugueses e espanhóis" (14).

Pero, se -encontraposición ó traicioneiro e tiránico Fernando VII- o xeneroso e valente D. Pedro I do Brasil e IV de Portugal, que sen que ninguén llo pedise outorgara ó país en que nacera e onde nen sequer pensaba reinar una Carta Constitucional e loitara despois coas armas na man en defensa dos principios do liberalismo, fora o rei soñado para a sua patria polos liberais españois de fins da década dos 20, a meados da do 50 é o mozo e simpático D. Pedro V o ideal de monarca constitucional que desexan para España os que continúan a ser monárquicos mais non poden seguir aturando os escándalos morais e financeiros da Corte de Isabel II. Afábel no trato, novo e aposto, sumamente culto, o primoxénito de D^a Maria II, moi perto xa da maioría de idade, reunía todos os requisitos necesarios para ser o candidato daqueles que crían na soberanía popular e pretendían que o seu país tivese un goberno honesto, civilizado e progresista sen expolo ós riscos dunha república. Que en 1853 o Goberno español prohibise ós xornais publicaren artigos sobre a Unión Ibérica demostra ata que punto era este en España un tema actual e vivo pouco antes da revolución do 54. E non menos significativo resulta o feito de que, poucos días antes de que estalase esta, o 15 de xuño dese mesmo ano, reapareza e agora por moito máis tempo, o diario "La Iberia", órgano xornalístico do Partido progresista, do que o nome revela ben ás claras as suas ideas sobre o futuro da Península.

Vacante o trono de España en 1868 co triunfo da Gloriosa, o rei de Portugal D. Luis I e, de non poder ser el, o seu pai D. Fernando de Coburgo, Rexente durante a minoría de idade de D. Pedro V, constitúen os candidatos favoritos da fracción máis radical do Partido progresista. Trátase nos dous casos de personalidades que desempeñaran xa con grande acerto o papel de monarca constitucional mais tamén de camiños abertos para unha mais ou menos próxima Unión Ibérica. E é precisamente a posibilidade de comprometer con esa posibel Unión Ibérica o primeiro a sua coroa, o segundo unha reputación gañada a pulso o que impide a ambos aceptar o trono español.

No senso contrario, a verdade é que non hai novas de monárquicos portugueses que tivesen preferido os Borbóns ós Braganza. A non ser que coidemos espontáneos (e non redixidos por D. José María Pando, Ministro Plenipotenciario en Lisboa da España Constitucional) os pasquins aparecidos en xullo de 1820 na capital portuguesa co seguinte texto:

"És infeliz Portugal
pois promete abrir-te a cova
quem contigo se apelida
antepondo Vila Nova.

(13) *Ibidem.*

(14) *Ibidem.*

A tua sorte fatal
pura compaixão me mete:
Se és infeliz com seis
por que não procuras sete?" (15)

Aparentemente sibilinos eses versos facían alusión ó "Secretário de Estado dos Negócios Estrangeiros do Reino" Tomás Vila Nova de Portugal, pertencente á fracción máis conservadora da Corte de D. João VI, a cal permanecía no Brasil nove anos despois de que as tropas de Napoleón abandonasen Portugal. A pouca simpatía de que gozaba este Ministro na súa patria e o recente triunfo en España do liberalismo eran nos devanditos versos aproveitados para animar ós portugueses a trocar o seu rei -un rei que, ademáis de absoluto, convertira Portugal, coa súa prolongada ausencia do país, en colónia da súa excolonia, o Brasil- polo constitucional Fernando VII.

No referente ó Iberismo republicano (16), había algúns que se limitaban a propugnar unha confederación dos dous Estados da Península que en certo modo reproducía baixo forma republicana o sistema dual da monarquía de Felipe II. A referida confederación só afectaría ás relacións exteriores e á organización do Exército, e podería en calquera intre desfacerse se España ou Portugal -que manterían unha Constitución propia aínda que consensuada e Asembleas lexislativas con plenos poderes- xulgaban isto convinte.

Outros consideraban condición *sine qua non* para a federación ibérica a transformación de España en república federal, distinguindo nitidamente a confederación con Portugal -a quen non se impuña o sistema federal- da federación española, porque -como dicía F. Tubino en *Patria y Federalismo*- "todas estas provincias y reinos, aunque distintos y en cierto grado autónomos, son miembros de un mismo cuerpo, del gran ser nacional llamado nación española, y han contribuido tanto más a conservar la unidad nacional, cuanto más ha respetado ésta su manera de ser interior, su individualidad" (17). Deste xeito, Portugal se confederaría con dezaseis Estados españois: "Navarra, Vascongadas, Aragón, Cataluña, Valencia, Galicia, Asturias, Castilla la Vieja, Castilla la Nueva, Extremadura, Andalucía, los Archipiélagos balear y canario, Cuba, Puerto Rico y Filipinas".

Pero os máis querían converter tamén Portugal nunha república federal, sendo os Estados ou Cantóns lusitanos os que se confederasen cos españois, o que levantaba un problema: mentres en España podían restaurarse como "cantóns" os antigos reinos medievais, en Portugal, por non existiren estes, a división do país tiña que efectuarse con criterios xeográficos ou administrativos. E isto, unido ó problema da inclusión ou non na Confederación das colonias españolas (das portuguesas nen se fala), fai que o número de membros varíe moito duns proxectos a outros.

Por exemplo, no que parece ter xurdido en 1820, no periodo que media entre a instauración en España do sistema político constitucional e a súa implan-

(15) Tomado da *História de Portugal. Edição Monumental da Portucalense Editora*, Director literário Damião Peres, 8 vols. e 2 Suplementos, Barcelos, 1928-1981, t. VII, p. 45, col. 2.

(16) V. María Victoria López Cordón: *El pensamiento internacional del federalismo español*, Barcelona, 1975.

(17) Madrid, 1872, p. 212.

tación en Portugal (ipouco máis de catro meses!), son sete as futuras repúblicas federadas de Iberia: cinco españolas e dúas portuguesas ("Lusitânia Citerior e Lusitânia Ulterior") (18).

Mais para José Félix Henriques Nogueira -de quem os *Estudos sobre a Reforma em Portugal* (editados en 1851) constitúen un clásico da descentralización administrativa, e que en varios traballos publicados na Imprensa periódica ou nos *Almanaques Democráticos* para 1852, 1853, 1854 e 1855 se mostra abertamente partidario de calquera solución de carácter iberista- o número de Estados que constituirían a Iberia era aínda unha cuestión a debater. Non obstante, no de 1855, nun comentario feito co título de *Cidade Capital* ó artigo nº 4 do Projecto de "Bases para a Constituição Federal dos Estados Unidos de Ibéria" incluído no libro impreso no Porto *Federação Ibérica ou Ideias Gerais sobre o que Convenem ao futuro da Península por um Português*, o ilustre publicista concorda coa división de Portugal en tres Estados (catro tal vez cos Azores) (19), absténdose prudentemente de suxerir como se debía de dividir España.

Hai, porén, autores moito máis ousados. Así, por exemplo, en *La regeneración de España* que en 1860 publica en Barcelona (co pseudónimo de Evaristo Ventosa) Fernando Garrido, propónse a creación de quince "estados o reinos" españois -Castilla la Vieja, Castilla la Nueva, Vascongadas, Aragón, Navarra, Cataluña, Baleares, Asturias, Galicia, Extremadura (incluíndo a portuguesa), Sevilla, Valencia, Andalucía, Murcia e Canarias- e tres portugueses. E o seu descoñecemento da realidade xeográfica lusitana é tamaño que non só reduz Portugal a Trás-os-Montes, a Beira e o Alentejo, atribuíndo ós dous primeiros Estados capitais (Porto e Lisboa) que nen sequer están situadas dentro das devanditas rexións senón que confunde a "Extremadura portuguesa (pequena provincia litoral que envolve Lisboa) co Alentejo, ese si prolongación natural da Extremadura española. Vinte anos máis tarde, en 1881, cando apareza o seu libro *Los Estados Unidos de Iberia*, Fernando Garrido elevará a dezaioito o número dos membros da parte española, incorporando á Federación como tres Estados as colonias que aínda lle restaban a España -Filipinas, Cuba e Puerto Rico- e engadindo León mais incluíndo Sevilla en Andalucía, e deixará ós republicanos portugueses a tarefa de estruturar federalmente a súa patria.

Trece eran en troques os cantóns españois que en 1870 recoñecera a Asemblea Federal da que Fernandez Herrero recolle as conclusións nun folleto titulado *El Federalismo. Organización, resoluciones y conducta del partido según el manifiesto de la Asamblea Federal*. Deles, dez eran continentais (Cataluña, Valencia y Murcia, Granada y Córdoba, Sevilla y Extremadura, Castilla la Nueva, Aragón, Vascongadas y Navarra, Castilla la Vieja, León y Asturias e Galicia), dous insulares (Baleares e Canarias) e o último estaba formado polas colonias. Portugal dividíase en tres cantóns separados polos ríos Douro e Tejo.

(18) O plan tiña orixe masónica, segundo consta nun oficio enviado ó Embaixador de Portugal en París, Marqués de Marialva, polo Ministro en Madrid, D. António Saldanha da Gama, o 2 de agosto de 1820 (V. Simão José da Luz Soriano: *História da Guerra Civil e do Estabelecimento em Portugal do Governo Parlamentar*, 17 vol., Lisboa, 1866-90, t. I, pp. 403-404).

(19) *Obra Completa*, Edición organizada por António Carlos Leal da Silva, 4 vols., Lisboa, 1976-82, t. I, p. 292, nota.

Vemos, pois, qué distinta é a imaxe que se fan da Iberia os políticos dos diversos partidos que máis ou menos explicitamente inclúen nos seus programas a unificación da Península. Pero máis diferente é aínda a carga afectiva que pesa sobre esta verba nos dous Estados que a integran. Pois, se para un español ser ou non ser iberista non pasa de problema intelectual, para un portugués constitúe un verdadeiro drama de conciencia. A súa personalidade enteira comprométese nunha opción entre dúas posibilidades, ningunha das cales o satisfai por completo. Dunha banda, o espellismo de grandeza e poder que tería unha Iberia unida. Doutra, sentimentos moi enraizados no subconsciente colectivo que se arrepián ante a máis remota posibilidade de perigo para a patria. ¿Como resolver esta contradición entre o que parece esixir o signo dos tempos -unificación de antigas áreas plurinacionais en fortes Estados modernos, federalismo político ou económico- e o seu medo a perderen a liberdade? Só inventando solucións, pero solucións de compromiso, oportunistas e variábeis ó teor das circunstancias do momento, coas que tratar de aumentar a riqueza e a forza política do país salvaguardando ó mesmo tempo a súa independencia.

Como, ata cun monarca portugués e Lisboa por capital, España non ten medo de ser absorbida por Portugal, mentres que este está temendo sempre que a súa veciña de Península tente convertilo nunha rexión española, a palabra "iberismo" revéstese de connotacións totalmente distintas dun e do outro lado da fronteira. Ideoloxía ben vista no país que non arrisca nada co seu triunfo, os que a profesan naquel do que pon en perigo a identidade teñen por contra que estar de continuo a defenderse da acusación de seren pouco patriotas. Profesar ideais iberistas é algo tan mal visto en Portugal, provoca tal desacougo interior, tan insidiosos e xordos sentimentos de culpabilidade que hai poucos portugueses coa coraxe necesaria para confesar abertamente o seu iberismo, aínda que sexan moitos os que colocan este sambenito ós seus nemigos. Porque marcar con este estigma o partido contrario é un bon xeito de impedir a súa suba ó poder ou, se ocupa xa este, de botalo do goberno. Por iso a chata do iberismo é lanzada por uns ós outros como unha pelota chegando a producir a impresión nalgúns momentos -como, por exemplo, a fins da década dos sesenta, en que se discute a posibilidade de que un Braganza ocupe o trono español, ou ó comenzo dos noventa, cando ten lugar a profunda crise espiritual provocada polo Ultimatum británico- de que, inexplicabelmente e contra toda lóxica, en Portugal coexistía un iberismo xeralizado cun odio xeral á Iberia.

Pero non se utiliza o iberismo unicamente como arma política. Álzase a pantasma ibérica ante os ollos dos gobernantes para obrigalos a mudar de rumbo. Con que Portugal, no colmo da desesperación, poida preferir unirse a España a continuar sendo explotado por Inglaterra ou convertido en colonia do Brasil ameazan, entre 1817 e 1820, os exiliados liberais de Londres a D. João VI para que regrese de Río de Janeiro onde permanecía aínda con toda a Corte nove anos despois de que as tropas napoleónicas tivesen sido expulsadas de Portugal. E este argumento adquirirá aínda máis forza cando o 9 de marzo de 1820 Fernando VII

xure a Constitución de Cádiz (20). E é tamén empregado de novo tras o levantamento liberal de 24 de agosto dese mesmo ano nun escrito á Rexencia de Lisboa datado o 3 de setembro. Unha década máis tarde, o ano 1830, voltarán a servirse del os compoñentes da segunda emigración liberal a Inglaterra para forzar ó Goberno británico a concederlles claramente o seu apoio na guerra que manteñen cos miguelistas. Escreve o seu voceiro, o grande escritor romántico Almeida Garrett no opúsculo titulado *Portugal na balança da Europa*: "se a intriga estranxeira ajudada pela traição doméstica prevalecerem e nos tirarem a condición *sine qua non* da nosa independencia ou *directamente* destruíndo a Constitución, ou indirectamente anulando-a nos seus efectos como até aquí têm conseguido, então, relutantes e forçados mas deliberadamente resolutos, só nos resta lançar mão do segundo membro da alternativa: unir-nos para sempre à Espanha" (21).

Non esquezamos, sen embargo, que se trata dun último e definitivo argumento de presión dialéctica, pois a unión con España non é apresentada como un ben senón como o peor que lle pode acontecer a Portugal e do que serán responsables os que tan inepta e egoistamente están a xogar co destino da nación. Ten tal carácter de supremo desastre que, xa nos anos oitenta, pode converterse en símbolo desa catástrofe salvadora, ese tocar fondo providencial que chega a ser a única esperanza que alenta a flor e nata da xeración lusitana do setenta cando se ve impotente para levar a efecto esa total transformación da vida portuguesa coa que soñara na súa mocidade.

Pero, ademais, o terrible cocón do iberismo -remedado por axentes secretos a soldo- ten en Portugal a virtude de frear calquera iniciativa tendente a aproximar no terreno político, económico, e ata cultural, os dous Estados da Península. É este o xogo suxo do Duque de Montpensier (que moi astutamente escollera Lisboa como base de operacións ó ter que abandonar España en xullo de 1868) para neutralizar a D. Luis e D. Fernando de Coburgo (22), os candidatos á coroa española preferidos polo Partido Progresista e máis perigosos rivais da súa esposa, a Infanta Luisa Fernanda. Pois con toda seguranza non eran espontáneos senón pagos por el -infatigabel urdidor de intrigas coa fin de acordar no pobo portugués o daquela adormecido sentimento de "o perigo espanhol"- a meirande parte dos cartaces iberistas e vivas a Iberia que rompen de socato a tranquilidade

(20) V. por exemplo, os artigos aparecidos en "O Campeão Portuguez" de Londres -xornal editado polo frade exlastrado José Liberato Freire de Carvalho- o 10 de xuño e 16 de setembro de 1820.

(21) 2ª ed., Porto, 1867, p. 320.

(22) Segundo unha correspondencia do representante da Agencia Fabra en Lisboa, datada o 12 de agosto de 1869, correspondencia que divulgaría a imprensa española, Fernández de los Ríos recibiera instrucións para propor a D. Luis I, no caso de que aceptase a coroa española, as seguintes condicións: "Portugal e España conservarían a autonomía sob o cetro do rei D. Luís. Os ministerios de cada una das nacións serían independentes excepto os da Guerra e Fazenda. O rei residiría en Madrid mas iría a Portugal para presidir a abertura do Parlamento. Numa palabra España e Portugal serían o que hoje são a Áustria e a Hungría". Desmentida a noticia por Fernández de los Ríos, a "Correspondencia de España", órgano da candidatura de Montpensier, insistía aínda um mes máis tarde: "La cuestión quedó, pues, regulada del siguiente modo: D. Luis de Portugal abdicará la corona que hasta ahora ceñía en su hijo primogénito. Este tendrá por tutor hasta su mayoría de edad a D. Fernando, el cual será nombrado regente del reino. Quedará establecido que en el hijo de D. Luis recaerán a su tiempo las coronas de España y Portugal conservando, sin embargo, cada Nación su autonomía, su administración y su parlamento".

da calma vida lisboeta logo que se comenza a falar das candidaturas lusitanas. Pero estes cartaces producen tal reacción patriótica no pobo portugués (algúns dos supostos iberistas son botados ó Tejo, multiplícanse os artigos, folletos, libros e discursos contra a Unión Ibérica e a celebración do "Primeiro de Dezembro" toma, case dous séculos despois da Restauración da Independencia lusitana, un marcado carácter antiespañol) que fan inviábeis as devanditas candidaturas, deixando así o campo libre ó pérfido Duque.

Non podemos pensar, con todo, que esta raposeira utilización do iberismo sexa unha xenial invención de Montpensier. Na realidade o que el facía era continuar unha vella tradición iniciada nos comezos do século XIX. Pois non só se serviron do temor portugués á Unión Ibérica aqueles Borbóns que, como Fernando VII ou Isabel II, nun determinado intre do seu reinado temeron verse substituídos por algún membro da Casa de Braganza senón tamén potencias estranxeiras como Francia ou Inglaterra temerosas de que a Península -fortalecida pola unión- saíse da súa situación de dependencia tocante a elas. Enormemente sospeitosa resulta, por exemplo, a noticia aparecida no "Times" de Londres o 25 de xuño de 1819 de que Portugal ia ser anexionado a España, a cal, en troques, cedería a Inglaterra a illa de Cuba, ademais de dous portos. E proba do receo que ó mais antigo aliado de Portugal lle producía calquer tipo de colaboración lusoespañola é o feito de non terse permitido en 1830 a incorporación de Saldaña cun grupo de voluntarios portugueses ó Exército de Mina nen, en 1832 e 33, a participación dos emigrados liberais españois de Gran Bretaña nas expedicións de D. Pedro e de Napier. Aínda máis, cando en 1834 Espoz e Mina desembarca de incógnito no Porto, xa en poder dos seus correligionarios lusitanos, é expulsado por estes a consecuencia das presións que exercen os gobernos británico e francés. Porque tamén Francia -que desde había séculos interviña constantemente nos asuntos españois prefería calquera cousa á unión das dúas coroas da Península nunha mesma testa -como o propio Luis Felipe confesara ó Conde de Colombiu (23).

¿Quer isto dicir que no Portugal do século pasado non había verdadeiros iberistas? Efectivamente eran menos e estaban máis condicionados polas circunstancias do que se cría deste lado da fronteira. Porque, aínda considerando unha fatalidade histórica a unificación final da Península, supeditaban a aceptación da mesma ó triunfo do sistema político de que eran partidarios: república ou monarquía. E a España que amaban e á que non lles importaría que o seu país se unise levaba sempre un adxectivo definidor: era a España absolutista, a España liberal, a España republicana, a España socialista... Na realidade -pasada a epidemia iberista dos anos cincuenta na que ó utilitarismo rexenerador hai que engadir o idealismo inxenuo dun grupo de mozos (24) feliz ante a perspectiva dun mundo sen

(23) Contao o propio Cea Bermúdez nun Despacho datado en París a 21 de Setembro de 1833.

(24) Tanto Henriques Nogueira como Latino Coelho -que en 1851 traducira *La Iberia* de D. Sinibaldo Mas baixo o pseudónimo de "um philo-ibérico", engadíndolle un prólogo no que se alviseaba xa un iberismo menos conservador que o do autor do libro- e José Maria do Casal Ribeiro -que en 1853 ou 54 defendía a idea duma república federal ibérica nun artigo aparecido na "Revue Lusitaniennne" (que editaba en Lisboa un exilado do golpe de estado bonapartista do 2 de decembro, Ortaire

guerras- o que atopamos pola banda portuguesa non é tanto iberismo como amor a España, admiración pola súa Cultura, conciencia do beneficosa que resultaría para os dous Estados peninsulares a súa colaboración nos campos económico e intelectual (aínda máis no primeiro deles con vistas á formación dun futuro *Zollverein* ibérico e ata iberoamericano).

Compre ter en conta tamén o factor etario. Moitos dos iberistas que se citan sempre en España -Latino Coelho, Casal Ribeiro, Antero de Quental, Oliveira Martins- forono só cando eran estudantes ou profesionais aínda non integrados no sistema e, convertidos máis tarde en políticos influíntes ou intelectuais famosos, renegarían dos seus ideais de mocidade, que inxenua pero moi inoportunamente lles están continuamente a lembrar os admiradores do outro lado da fronteira como se as persoas non tivesen dereito a cambiar de xeito de pensar co correr dos anos.

Non debemos esquecer tampouco que a súa proxectada «Federación de Repúblicas Ibéricas» era vista tan só como un primeiro paso -que por certo se consideraba bastante doado dar- para a constitución da Unión da Europa Latina, que confederándose coa Xermánica e Anglosaxona daría lugar ós «Estados Unidos de Europa», preludeo a súa vez desa «Unión Universal dos Pobos» que remataría, e de xeito definitivo, con tódolos conflitos internacionais que ata entón asolaran á Humanidade e daría cabo da esgotadora carreira dos armamentos, permitindo que os recursos económicos dos pobos se utilizasen para o seu propio benestar (25).

¿Como se explica entón a falta de perspicacia española para distinguir a utopía dunha solución política viábel, para diferenciar o iberismo da simple simpatía ou interés por España, falta de perspicacia que obstaculiza ata no terreno cultural calquera iniciativa tendente á aproximación dos pobos peninsulares e reporta graves complicacións sociais e traumas psicolóxicos a aqueles portugueses que amaban o país veciño sen quererem por iso deixar de ser portugueses? Tal vez polo feito de que moitos españois proxectaban sobre os cidadáns do outro Estado da Península os seus propios anxeios. Anxeios que, aínda con raíces en diversas frustracións históricas, compartían o españolismo ideolóxico e os nacionalismos periféricos. Porque, se o primeiro trataba de mitigar, coa convicción de que había de chegarse no futuro a unha Iberia unida, a dor que lle producía unha ferida aínda non cerrada a pesar dos tres séculos que transcorreran desde a Restauración da independencia lusitana, os segundos vían na integración nunha nova estrutura política peninsular da única nacionalidade ibérica que fora capaz de resistir a presión centralizadora de Castela unha oportunidade de obter maiores cotas de autonomía e liberdade para os seus pobos. Por iso, non só os políticos de Madrid senón tamén a intelectualidade catalá e galega (ignoramos por enteiro o que acontecía coa vasca) crían que estaban a tratar con xigantes cando o que había eran moíños de vento.

Fournier), e en varios do xornal "O Progreso", que dirixía o seu irmán bastardo José Carlos Caldeira, editor portugués da obra de D. Sinibaldo Mas-tiñan nacido en 1821.

(25) É isto o que acontece durante a crise do Ultimatum como pode verse no meu libro *A Espanha ante o Ultimatum*, Lisboa, 1975, pp. 74-81 y 111-122.